

O soño de Lorenzo Varela

Entrevista a Inés Canosa

Carmen MEJÍA

Inés Canosa como persoa vencellada á cultura galega en Madrid, quizais, é para moitos unha descoñecida. Para os que estamos en Madrid e dedicámonos desde distintos ámbitos a espallar a cultura galega, Inés Canosa é toda unha Institución. Inés é a persoa responsábel da Librería Sargadelos que se atopa na rúa Zurbano da cidade madrileña. Polo tanto Inés traballa xunto a Isaac Díaz Pardo, personaxe galego emblemático, desde hai moitos anos, como ela mesma conta na entrevista que lle fixemos para a nosa revista de estudos galegos “Madrygal” (vol.5: 2002). Ela coñeceu a Isaac Díaz Pardo no exilio arxentino e aquí é a persoa que agarima a todos aqueles que chegan a Sargadelos interesados polas cousas galegas. Cando se fala con Inés viaxamos a Galicia da súa man.

Facemos esta pequena entrevista a Inés para homenaxear a Lorenzo Varela xa que é o testemuño dunha persoa que tivo contacto con él en Madrid.

Inés recíbenos en Sargadelos, coa amabilidade de sempre, disposta a falar do noso persoeiro.

—**Carmen M.:** *Onde coñeces a Lorenzo Varela e cando chega a Madrid?*

—**Inés C.:** Eu coñezo a Lorenzo Varela en Bos Aires. Eu tiña ao meu lado a Arturo Cuadrado, e lémbrome da devoción e do cariño inmenso que sentía Arturo Cuadrado por Lorenzo Varela. No ano 76 chega a Madrid. Tiven o privilexio de compartir horas con él.

Lémbrome de cando chegou pola librería desde o aeroporto. A min anuncioume Díaz Pardo que chegaba. Apareceu un home con sombreiro, moi elegante. Tiña algo especial Lorenzo, sempre o pensei. Era un home moi reservado, moi calado, un home moi intelixente, como aberto a trescentos sesenta graos... Tiña unha presenza, unha ele-

gancia non prepotente, era unha cousa sobria, fina, semellante a esa elegancia que tiña Eduardo Blanco Amor. A súa presenza impúñase polo sobrio e por non chamar a atención, pero iso era, precisamente, o que chamaba a atención. A súa mirada era marabillosa, tiña tamén unha voz extraordinaria.

Cando presentou o libro de Castelao artista, eu escoitábao por primeira vez. Tiña unha linguaxe riquísima, precisa, non rebuscada, e iso é o que se aprecia na súa poesía tanto en galego coma en castelán. A min, a linguaxe é unha das cousas que máis me impresionan de Lorenzo Varela.

—**C. M.:** *Como se integra Lorenzo Varela en Madrid? Cal é a súa actividade? Como se sente?*

—**I. C.:** O que puido sentir el xa nunca o sabremos porque era moi reservado, e durou moi pouco desgraciadamente para nós. Como di Xesús, o profesor Alonso Montero, tiña moito que darnos desa alta poesía. A súa obra non é moi extensa, pero magnífica e de grande calidade.

Aquí foi acollido polas xentes da súa xeración que había dabondo. El coñecera a estas xentes cando viñera a Madrid, entón era moi noviño. Tiña dezaioito anos cando chegou. Quere pasear esta cidade; por suposto Lorenzo Varela sabe que esta cidade cambiou, que pasaron coarenta anos. Paseaba moito, polos comentarios que me facía polas noites cando nos atopábamos. Primeiro debeu buscar aqueles sitios nos que él estivera coas xentes de entón: os cafés, as tertulias, ...e volveu coincidir con algúns deles. Por aquí estaba Carlos Gurméndez, que o coñecera aquí, e que estivera tamén en Bos Aires; estaba Enrique Azcoaga, tamén xentes do Partido Comunista como Santiago Álvarez con quen se encontrou gracias a Mariví Villaverde e Ramón de Valenzuela. E moitas máis xentes, que seguro que

* Esta entrevista foi idea do profesor Alonso Montero.

me esquezo... Outro gran amigo del, que pasaba tódalas mañáns a preguntarme por él, era o escritor brasileiro N. Freitas. El traballaba na Embaixada, dicíame que quería acompañalo, estar con él ...é dicir, que sentía a súa presenza e a súa solidariedade. Díaz Pardo, por suposto, estivo, sempre, atento a él.

Lorenzo traballaba neste despacho, tiña unha serie de dicionarios e outros libros. Tiña que facer unha tradución que traía de Bos Aires. En Madrid, Álvaro Xil ofreceulle traballo na revista. Tiña traballo que facía polas mañás e polas tardes.

A súa presenza foi pechándose pouco a pouco. El sempre foi moi cordial exteriormente. Pero, eu penso, que é moi difícil volver a comezar tantas veces como comeza Lorenzo Varela. Deixa a súa nai na muralla de Lugo con moi poucos anos, marcha a Madrid porque quere estudar Letras, chega con dezaoto anos... Coas ilusións propias dun mozo inqueda, que demostrara ter moitas lecturas; Lorenzo era un rapaz cultivado, aberto ao mundo, con moita inquedanza, moi solidario cos problemas da xente e chega a esta cidade a estudar con moitas ilusións... Parece que a Universidade era moi tradicional ou conservadora, como queiras, pero el descobre que hai moitos ambientes máis abertos e progresistas e máis dentro do que el busca no mundo, do que el quere defender. Incorporábase, rápidamente, ás tertulias; coñece a García Lorca, a Rafael Dieste, e intégrase nesos grupos, e colabora en PAN que é a revista dos irmáns Dieste. Intégrase tamén nas Misións Pedagóxicas, é dicir coñece a toda esa xente extraordinaria, coma el, como resultou ser el. El era un ser peculiar como ser humano e creador literario.

—C. M.: *Cando marcha ao exilio e cal é a súa andaina alá?*

—I. C.: En dous anos, todo iso trúncase porque estala a guerra: o ataque contra o Goberno da República Española. Lorenzo decide defendela coa súa vida, coas armas. Finalmente perden. Ten que saír ao exilio, aos campos de concentración do Sur de Francia, e chegar a México ben acollidos, iso sí... Alí coñece a Octavio Paz, fundan a revista *Romance*, pero despois aparecen os problemas de intereses editoriais con algún transfondo político. Publica as *Elegías españolas* coa preocupación non só de escribir senon de que o libro vaia ilustrado, e vai saír ilustrado por un pintor. É un libro fermoso tanto no fondo coma na

forma. Finalmente, decide que aquel non é o sitio onde se sente ben e decide ir a Bos Aires. Alí coñece a outras xentes que o esperan: Carmen Muñoz, Rafael Dieste, Luis Seoane, que non se coñecían pero faránse amigos da alma para sempre. Atópase con Arturo Cuadrado, e alí inicia outra andadura de creación; é dicir, de crear editoriais, coleccións, de traballar e seguir soñando con que o Goberno de España poida ser expulsado, ese soño de todos os exiliados. Iso marca ao ser humano que loitou pola xustiza, e son os perdedores. Esa grande ferida vai con el.

Cando liberan París el está eufórico coma todos, pero ao final a guerra acaba e Europa non lle bota unha man a España. Hai xente que iso o pode levar mellor e reacciona de xeitos diferentes. Pero eu penso que a ferida no corazón de Lorenzo vaise facendo cada vez máis profunda. A pesar disto seguen a traballar coa xenerosidade destas xentes do exilio. A xenerosidade dos exiliados que traballan polo país que deixaran atrás por defender as súas ideas e por ser coherentes, e seguen a traballar por reivindicar a lingua, a cultura, a dignidade dese pobo que quedou tan maltratado nesa situación. Ademais, eles alí están moi sós porque a emigración non é receptiva. Publicar un libro en galego en Bos Aires, no exilio, non era cousa fácil, había que ter unhas ideas, una ideoloxía moi profunda. Iso foi un mérito extraordinario porque iso no lles ía dar nin fama, nin poder económico, nin nada. Só o facían por concenciación. Eu penso que todo o que fixo esta xente polo país que deixaran atrás é o mérito máis grande do exilio. E este home con todas esas feridas seguíu, seguíu...

—C. M.: *Podes facer un pequeno percorrido pola súa obra literaria?*

—I. C.: Aparece, finalmente, no ano corenta e dous o libro en castelán, que xa escribira en México, *Torres de amor*, libro que Seoane e Cuadrado querían que *Emecé* o publicara, cousa que non foi así por ser Lorenzo Varela de ideas comunistas. Entón estes homes teñen un xesto extraordinario que creo se debe repetir sempre: deixan a editorial antes de admitir que se nega a edición dun libro por unha cuestión ideolóxica. Isto o contan moi detalladamente Carlos López Bernárdez, Salgado, Axeitos, entre outros... Seoane e Cuadrado fundan unha editorial e editan eles. Lorenzo xa escribira en galego e tiña cousas que quedaron por aí e que despois se recollen na *Biblioteca do Exilio* de Edicións do Castro.

Aparecen *Os catro poemas para catro grabados* onde él toca os temas un pouco míticos pero con catro poemas extraordinarios.

No ano cincoenta e un escribe *Lonxe*, que llo publican Seoane e Cuadrado, onde reflite o tema do país, dos amores que tivo, quero dicir, do amor, dos amores da súa mocidade... El era un home apaixonado pola vida e volcánico, todo o levaba moi dentro con moita forza, aínda que el era unha persoa moi sobria e dunha calidez abrumadora. Fernando Salgado, para min, crea un clima moi acertado no que vai documentando sobre a vida de Lorenzo.

—**C. M.:** *Por que deixa Bos Aires e vén a Madrid?*

—**I. C.:** Vén no ano setenta e seis, chegou ao final do inverno, na primavera —estaba por saír o diario *El País*, que saíu os primeiros días de maio, e el xa o sabía— e en Arxentina, de novo, a ditadura arreciou. Eu lémbrome dunha cousa que me dixo aquí, unha noite, no piso onde estaba na rúa Ponzano, nos primeiros días, porque vas comentando, vas preguntando pola situación dalí e el díxome que “en Arxentina agarrábase unha segunda chilena”. Queríame dicir que podía chegar a pasar tanto o máis de desgraza, de mortes, como así foi: secuestros, torturas, mortes e desaparecidos. Iso dixo e, desgradaciadamente, acertou. El non estaba nunha situación boa, el era coñecido pola súa ideoloxía, eu coido, non o sei claramente, que a situación del non era boa... Lorenzo pasara a vida querendo voltar, pero comezar tantas veces...!

No percorrido de Lorenzo as feridas interiores fóronse facendo cada vez máis profundas. Lorenzo, cando chegou a Madrid, era descoñecido para a maioría da xente. As xentes da súa xeneración sí o coñecían, pero os demais non. Isaac Díaz Pardo era máis novo, pero sempre lle botou unha man. Estivo sempre pendente do teléfono. Cando chegou Marica, a muller de Lorenzo, foron a Galicia e Isaac alí os acompañou, é dicir con toda discreción fixo todo o posíbel por axudarlles. Pero as feridas interiores que Lorenzo nunca transmitiu fóronse interiorizando; el era unha persoa moi prudente, moi discreta, nunca contou ningunha pena, ningún dolor. El nunca se queixou a ninguén de nada, pero tiña que voltar a empezar, e iso é unha cousa terríbel... O exilio de Lorenzo ten unha connotación moi dura.

Eu o que percibía era que Lorenzo empezou a aillarse dos amigos que pasaban e querían saber

del. Tiña un fillo de Marica, Fernando, que quería moito a Lorenzo, que chamaba todalas semanas e Lorenzo empezou xa a non porse. Lorenzo empezou a aillarse, aillarse... Que sentía? Non o sei, foise con el.

Lorenzo termina cun infarto. A muller de Laxeiro, Lala Prada, era moi amiga deles, acompañounos moitísimo. Ela quería moito a Lorenzo, coincidira con eles en Bos Aires. Ela, case tódalas tardes, os visitaba e eu pasaba por alí despois das oito da tarde. Ese venres, que de madrugada se puxo mal, estivemos con el, na cafetería do apartamento onde vivían. El estaba moi acatarrado e ía moi abrigado, pero estive-mos cantando tangos. Lorenzo cantou, tamén, coplas galegas. Estaba moi eufórico dentro do catarro que tiña porque quería moito a Lala. De madrugada púxose mal e, probabelmente, morreu na ambulancia.

O día a día, posibelmente, esta vez puido con el.

—**C. M.:** *Por que escolle Madrid para a súa volta?*

—**I. C.:** El marcha de Galiza aos dezaioito anos. Vive en Madrid anos importantes, anos que o deixaron moi marcado. Doutra banda, pensando nas posibilidades para atopar traballo, Madrid abría máis portas. El escribiu moito na prensa e colaborou na radio. Colaboraba nun programa que ao meu pai lle gustaba moito, onde se falaba de moitas cousas. Alí Lorenzo nunca deixou de reivindicar a xustiza, nin a defensa dos que están sempre en inferioridade de condicións e asoballados polos poderosos. Tivo, sempre como fondo, a crítica da situación española e mundial, niso era moi obxectivo, pero estivo sempre nesa defensa e ao seu país tiña presente continuamente.

No ano setenta e seis España saía dunha situación... Eu que viña de Bos Aires un pouquiño antes que el, cando cheguei notei unha grande diferenza. Aquí aínda había moito que andar... Ise cambio tamén o tivo que notar, pero Madrid era a cidade que lle podía dar máis posibilidades de entrada; agora ben, na súa obra está presente o país galego e a súa problemática. No ano cincoenta e catro escribe un poema a Manuel Ponte, “O guerrilleiro que vai morrer no 47” que demostra que Lorenzo é sensíbel aos problemas de Galiza. Eu coido que Lorenzo vén a Madrid como primeiro porto, tiña xente coñecida e isto, probabelmente, tamén influíu.

—**C. M.:** Que lembrás das inxerencias de Lorenzo Varela?

—**I. C.:** El era un home moi prudente, pero trataba de non expresarse en voz alta porque non quería molestar a ninguén xa que viña de fora. Eu entendo iso, non era desinterés, quen estaban aquí eran os que facían as cousas como podían. El non quería que ao mellor manifestando algún pensamento puidera molestar á xente que, realmente, eran os que estaban traballando.

Lorenzo tiña unha gran preocupación porque non se perdera a memoria histórica. Pasaran moitas cousas que non se debían esquecer. Evidentemente, había que seguir adiante, había que facer unha Constitución e moitas cousas máis, pero negalo pasado, non. Esa preocupación tiña, era unha das cousas que me manifestaba. Tamén sabía que eu non ía dicir a ninguén o que el me contaba, eu tiña un gran respecto por Lorenzo. Era moi reservado e moi autocrítico. Eu coido que debeu escribir moitas cousas que, probablemente, rachou. El era moi autocrítico, non lle daba ningún valor ao que facía.

—**C. M.:** Cando se recupera a Lorenzo Varela?

—**I. C.:** Lorenzo, con eses coarenta anos, era un descoñecido, igual que Seoane, pero Lorenzo máis. A xente nova descoñecía. Xesús Alonso Montero ocúpase del, por suposto. Pero é pouco o tempo que se lle dedica porque era descoñecido. Este país pasara polo que pasara, e o descoñecemento desta xente xustifícaa a nosa propia historia. Agora a xente nova recupera a Lorenzo, como Fernando Salgado que sabe ver en Lorenzo unha figura dunha valía extraordinaria.

A recepción que se lle fai cando chega é fría. Seguro que el percibe que hai un silencio e todo iso váise sumando. Un rapazolo, como di Salgado, que con apenas vinte anos xa chama a atención de Luis Cernuda e colabora no Sol. Calquera que se poña nesa pel!... Ese home ten moitas feridas que ían quedando e, dentro do seu corazón, el ía sumando.

A decisión de dedicarlle *O día das letras* a Lorenzo Varela é un recoñecemento merecido pola súa honestidade como ser humano e pola súa obra, coido que a súa recuperación conseguíuse, definitivamente, neste momento.

Madrygal agradece a Inés Canosa a súa colaboración na recuperación de Lorenzo Varela. Graciñas, sempre, Inés.

Anexo

Reprodúcense dous artigos do profesor Alonso Montero, publicados na revista *Triunfo*. No primeiro fala da volta do exilio de Lorenzo Varela; no segundo do seu falecemento.

El poeta gallego Lorenzo Varela retorna del exilio

Del intelectual gallego Lorenzo Varela se sabe muy poco y por muy pocos. Algunos recuerdan sus colaboraciones en *"Hora de España"*, la extraordinaria revista de la guerra civil; algunos menos, su vinculación a publicaciones periódicas del exilio en México ("*Taller*", "*Romance*") y Buenos Aires ("*Cabalgata*"); un puñado de curiosos tienen noticia de su labor de poeta. En Galicia, su patria, a la que acaba de retornar después de cuarenta y un años, sólo una parte de la vieja guardia del galleguismo y poco más conoce sus poemas gallegos y sus compromisos —muchos y diversos— con nuestra cultura y con nuestro pueblo.

Esta miseria informativa, dolorosa en verdad, es una consecuencia de la anormalidad cultural de estas cuatro décadas, anormalidad conscientemente elaborada por los manipuladores, en la "piel de toro", de la "larga noche de piedra". Urge, por consiguiente, más allá del desagravio personal, ofrecer al país noticia y glosa de un trozo entrañable, y heroico a veces, de su historia.

¿Cuál es el papel de Lorenzo Varela en la poesía gallega de posguerra? ¿Cuál es su aportación o su novedad? Para responder a estas preguntas es estrictamente indispensable referirnos a la especial anormalidad vivida por la literatura gallega en los primeros años del franquismo.

En Galicia (en la Galicia metropolitana) no se publica ningún libro en idioma gallego en el decenio 1936-1946. No insinúa que estuviese prohibido editar versos o prosas en lengua gallega, pues de hecho el Movimiento no promulgó ningún Decreto al respecto. No eran necesarios los Decretos en aquel clima de mie-

do y de incertidumbre, un clima en que cualquier gesto o cualquier madrigal a la Luna podría incurrir en separatismo si se expresaba en idioma no oficial.

De 1946 a 1951, fecha inaugural de la Editorial Galaxia, es poquísimo lo que se publica en gallego y de no mucha entidad. Del 51 al 62 la poesía gallega, al-

guna de calidad, no cuestiona, no conciencia socialmente, no increpa las injusticias concretas, no inquieta (políticamente ha blandido). El panorama cambiará radicalmente en 1962, año de un libro que es un hito: "*Longa noite de pedra*", de Celso Emilio Ferreira. He aquí, pues, un mapa cultural árido y muy limitado: árido, porque durante diez años las circunstancias históricas "prohibieron" el cultivo literario del gallego; muy limitado, porque esas circunstancias, en los tres lustros siguientes, prohibieron las palabras críticas, el grito y la denuncia.

En efecto, aridez y limitación configuran como especialmente anormal la cultura gallega. Que el idioma gallego durante todo un decenio no exista como lengua de cultura, como instrumento literario, es, para un pueblo, para una colectividad, un acontecimiento anómalo, anómalo y grave para la continuidad, para el futuro de una cultura que llevaba siglos de vida precaria y en un contexto sociopolítico desfavorable.

De todos modos, para trazar con precisión el esquema de la cultura gallega en esos momentos se impone tener en cuenta lo hecho por los intelectuales gallegos del exilio (Castelao, Rafael Dieste, Suárez Picallo, Luis Seoane, Luis Soto, Antón Alonso Ríos, Delgado Gurriarán...) y de la emigración (Blanco Amor, Avelino Díaz, Neira Vilas...). Gracias a ellos, gracias a la Galicia de la diáspora, la cultura en lengua gallega no tuvo solución de continuidad, no sufrió, realmente, un paréntesis o un hiato

de silencio. En México, en La Habana, en Montevideo, en Buenos Aires, sobre todo en Buenos Aires, se escribe, se edita y se reedita en gallego. El exilio exterior es consciente de que los intelectuales del exilio interior o no pueden hablar (hasta 1946) o sólo lo pueden hacer en voz muy baja (hasta 1962). En estos veinticinco años, Buenos Aires, la gran capital intelectual de la Galicia no oficial, no sólo habla, sino que habla alto, fuerte y bronco. Bastaría con citar algunas páginas, ya en prosa, ya en verso, de Castelao, de Seoane, de Rei Baltar, de Núñez Búa, etcétera.

En Buenos Aires, en 1944, Lorenzo Varela publica cuatro poemas gallegos que ilustran sendos grabados de Luis Seoane. Uno de ellos es el soneto a Roi Xordo, el conocido dirigente de una de las revueltas campesinas gallegas del siglo XV, soneto en el que, por otra parte, subyace la tragedia que acaba de sufrir un país de campesinos como el nuestro. El opúsculo, por cierto, tuvo una estupenda fortuna editorial. En 1951 se transforma en un bello y cuidado volumen cuya ficha bibliográfica es la siguiente: los cuatro poemas de Varela en la lengua original y en inglés; reproducción de los cuatro grabados de Seoane; música a los textos del gran músico exiliado Julián Bautista. La edición, bonarrose también, a cargo de la Editorial Argentina de Música.

Otro hermoso libro (en su hechura material) es "*Lonxe*", con diez grabados en madera de Luis Seoane, aparecido en una gran colección de poesía: "*Botella al mar*" (Buenos Aires, 1954). Que en este libro se cante a los guerrilleros gallegos Manuel Ponte y Manuela Sánchez, calientes todavía sus cenizas, prueba cuán diferente es, en temas y actitudes, la poesía del exilio exterior de la timorata poética del exilio interior. Aún más claro al respecto es el poema titulado "Com-

¡Tan doce era a xuntanza miña e
 vosa,
 de todos nós co mundo!
 Facíamos un feixe de campos e
 de estrelas,
 e, ó pisar ise chau que latexaba,
 sentíamos subir polo sangue o
 misterio.
 O noso corpo era o camiño da
 maxia,
 a escada pola que viña a lúa,
 o zume de tódolos segredos,
 a canción da erba que resuci-
 tou (...)

La producción poética en gallego de Lorenzo Varela es muy breve: cuatro poemas del folleto inicial, diez del libro "Lonxe" y unos cuantos —muy pocos— poemas sueltos. Su producción en castellano es, cuantitativamente, bastante superior. Habría que destacar de esta parcela poética el libro "Torres de amor"

pafeiros da miña xeneración
 mortos ou asesinados", donde,
 lejos del panfleto, hay versos
 plenos de liricidad:

(1942), sobre el que ha escrito recientemente unas páginas muy elogiosas Aurora de Albornoz.

La polifacética y bilingüe labor del exilio de Lorenzo Varela (traducción, crítica de arte, prólogos, codirección de revistas...) desborda las pretensiones de este breve artículo informativo y situador. Lorenzo Varela, seudónimo de Xesús Varela Vázquez, nació (hijo de emigrantes) en La Habana, en 1917; su infancia es argentina y su adolescencia y juventud luguesa. En 1936, muy joven aún, pasa de las Misiones Pedagógicas al frente de batalla, y desde 1939 vive, tras unos años mejicanos, en Buenos Aires. Desde hace meses está en España, ya en Galicia, ya en Madrid, reestudiando el país, reaprendiendo la asignatura y tratando de encontrar el ámbito de trabajo al que tiene sobrado derecho. ■ XESUS ALONSO MONTERO.

(Triunfo, Madrid, n.º 763, 10-09-1977.)

El poeta Lorenzo Varela

Esta revista fue la única —creemos— que saludó el retorno del escritor Lorenzo Varela a su tierra (ver TRIUNFO número 763) después de casi cuarenta años de exilio. Lorenzo Varela, cincuenta y nueve años, culto como pocos, talento vivo, palabra fiel y crítica, retornaba al país con un bagaje y en un momento nada desfavorables para realizar como escritor lo que el exilio, el difícil pan del destierro, le escamotró una y cien veces. No fue así. A los pocos meses, apenas cumplidos los sesenta y un años de edad, falleció en Madrid. Era el día 25 de noviembre de 1978. La prensa gallega y los gallegos de Madrid pronunciaron su nombre y las agencias difundieron —escuetas y ajenas— una biografía de trámite.

En su tierra, en Galicia, un sector, movido por las campanas del duelo (por las pocas campanas del duelo), quiso saber si las páginas de este transterrado, que no se llamaba Castelan ni Alberti, eran, en efecto, las páginas de un escritor auténtico. Se tenían tan pocas noticias, se sabía tan poco y por tan pocos, que algunos, aun de buena fe, sospechaban que el escritor se beneficiaba, a la hora de la muerte, del exiliado, del luchador, del "político".

Los libros de Lorenzo Varela, editados en Buenos Aires hacia muchos años, eran en Galicia, el día 25 de noviembre de 1978, piezas de bibliófilo. Meses después, cuando Aurora de Albornoz disertó en el Colegio Universitario de Vigo sobre la obra poética de Juan Rajano y la poesía en



Lorenzo Varela.

castellano de Lorenzo Varela, aún no hay reimpresión de ningún libro suyo.

Hay que llegar a junio de este año para la primera reedición. Edición de Castro nos ofrece, en un hermoso volumen cuidado por Rafael Diez (otro ex exiliado), los dos libros gallegos de Varela ("Cuatro poemas pra catro grabados" y "Lonxe") y dos en castellano ("Torres de amor" y "Homenaje a Picasso"). La misma editorial publica un tomo, "Homenajes", con poemas sueltos del autor recopilados y prologados por otro ilustre ex desterrado, Luis Seoane, quien no llegó a ver totalmente impreso volumen cuidado con tanto talento como devoción. Seoane, como se sabe, falleció en La Coruña el 5 de abril de 1979. Al día siguiente iba a intervenir —es, un enemigo de conferencias— en un homenaje a Lorenzo Varela, un homenaje a crédito, pues en tales fechas sólo un puñado de personas conocía la obra poética del escritor homenajeado.

Con motivo de la aparición de los dos volúmenes mencionados se han celebrado en Galicia, por el momento, dos homenajes: uno en la galería Sergadelo, de Santiago (29 de junio), y otro en el Museo Carlos Maside, próximo a La Coruña (3 de agosto). En uno y en otro intervinieron Rafael Diez y Xesús Alonso Montero, pero lo que realmente se debe destacar de estos actos es la Exposición icono-bibliográfica diseñada y montada por Xosé Díaz. Que yo sepa, ningún escritor gallego ha sido objeto de una "mostra" tan atractiva y tan didáctica. La "mostra" será expuesta muy pronto en Monterroso —tierra de las raíces de Lorenzo Varela—, en Lugo —ciudad de su adolescencia y de su mocedad— y en Madrid, donde, muy joven, ejerció la crítica "literaria" en "El Sol" y participó en las Misiones Pedagógicas.

En parte, pues, están creadas las condiciones para que se recupere esta voz del destierro. La crítica y los lectores, en posesión ya de textos y de noticias, dirán en qué consiste su acento y cuál es su aportación al acontecer literario, especialmente al de lengua gallega.

Poetizó en gallego (1944-1951), lejos de la tierra en un país de libertad, cuando sus colegas del exilio interior callaban o tartamudeaban su lengua. Poeta de varias cuerdas, sin excluir la del amor, supo ser en algunas ocasiones, como escritor civil, un poeta político, pero un poeta político "puro", es decir, sin panfleto y sin palabras mutiladas. ■ XESUS ALONSO MONTERO.

(Triunfo, Madrid, 01-01-1979.)